

**IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMIENTO
MEMORIA ANUAL 2003**

1. INTRODUCCIÓN

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVIMIENTO: ¿QUEN SOMOS?

2.1. OBXECTIVOS

2.2. METODOLOXÍA

2.3. FINANCIAMENTO

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

3.2. RECADACIÓN

3.3. COOPERACIÓN

4. VOLUNTARIADO

5. XESTIÓN

6. FINANCIAMENTO

7. CONCLUSIÓN

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: MEMORIA ANUAL 2003

1. INTRODUCCIÓN

O ano 2003 significou para IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO unha consolidación máis profunda da súa presenza tanto en Galicia como nos países onde traballamos. A implicación de moitas persoas fai posible que hoxe poidamos presentar unha nova memoria anual da organización.

Este ano novamente IND tentou levar adiante os seus obxectivos e o seu compromiso coas comunidades desfavorecidas e coa solidariedade en xeral. Así, dende as actividades de recadación de fondos para financiar os nosos proxectos, ata a colaboración en campañas conxuntas con outras organizacións, IND foi crecendo no seu traballo de solidariedade.

De especial importancia consideramos dende IND a consolidación dun grupo estable de voluntarias que fai posible un traballo máis permanente e comprometido, así como a formación permanente dese grupo.

Igualmente IND segue mantendo o seu compromiso con Galicia facendo cooperación desde o noso lugar no mundo, implicando directamente á nosa comunidade e decidindo desde aquí coas organizacións do sur o que nos parece máis axeitado facer para conseguir un mundo máis xusto.

Este ano destaca o achegamento de IND a un novo país de traballo, Etiopía, no que parecen abrirse novas vías de comunicación e de traballo para a nosa organización. Mediante a primeira visita de recoñecemento ao país, IND conseguiu establecer xa relación con dúas organizacións da sociedade civil especialmente activas cada unha no seu campo. Por outra banda, o traballo na India segue consolidándose coa finalización do proxecto SIDHUR Anantapura e o inicio dun novo proxecto urbano nos suburbios de Tiruchy. Ademais, a nosa organización irmá IND-INDIA segue desenvolvendo o seu labor de apoio ás organizacións locais coas que traballa IND.

Hoxe, malia que a situación política social e humana mundial produza desesperación e perda de confianza na construción dun outro mundo, a presenza e traballo das socias e membros activos de IND fainos pensar que é un obxectivo posible e dámos azos para traballar e comprometérmonos máis no noso proxecto. Un ano máis o noso máis fondo agradecemento a tódalas persoas e institucións que cren cada día polos seus actos nun mundo máis xusto e solidario.

2. IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO: ¿QUEN SOMOS?

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO nace como iniciativa a finais do ano 97 cando un grupo de persoas sensibilizadas co desenvolvemento en xeral e coa India en particular deciden xunta-los seus esforzos nunha Organización Non Governamental.

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO constitúese en asociación en abril do ano 1998 e como Organización Non Governamental de Axuda ó Desenvolvemento en agosto dese mesmo ano.

Como calquera asociación, IND conta cunha serie de obxectivos e modos de traballo que lle son propios e que a continuación expoñeremos.

2.1. OBXECTIVOS

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO é unha Organización Non Governamental (ONG) de desenvolvemento apartidaria e aconfesional que actúa en Galicia con dous obxectivos principais:

- apoiar proxectos de desenvolvemento en países en vías de desenvolvemento
- sensibilizar á comunidade galega, española e dos países desenvolvidos en xeral dos problemas das comunidades coas que se traballa e da necesidade dun cambio global para erradica-la pobreza.

2.2. METODOLOXÍA

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) ten unha forma de traballar clara para cumprir-los obxectivos que se acaban de presentar.

En primeiro lugar, existen unha serie de criterios de traballo para a xestión de proxectos de desenvolvemento que se poderían centrar nos seguintes:

- IND financia sempre proxectos xestionados por organizacións locais indias de xeito que se garanta o respecto cultural, a creación de emprego local e a autosuficiencia das comunidades.
- IND financia proxectos primordialmente integrais e que sempre ofrezan garantías de que non se creará unha dependencia entre a comunidade e a ONG senón viceversa, a autosuficiencia da comunidade beneficiaria gracias ós seus propios recursos.

En segundo lugar, con respecto á sensibilización, IND tamén amosa unha forma de traballar claramente definida:

- IND funciona ata o momento na súa totalidade co esforzo voluntario das/os socias/os e simpatizantes. IND promociona, xa que logo, o voluntariado en tódolos diferentes aspectos de traballo.
- IND promociona en todo momento a colaboración con outras organizacións xa existentes en campañas conxuntas e actividades de todo tipo, agrandando así a forza e a calidade do movemento das ONG ante a sociedade civil e gobernamental.

2.3. FINANCIAMENTO

IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) contaba ata o de agora con dúas únicas fontes de financiamento: as/os socias/os e as actividades organizadas para recadación de fondos, que este ano viñeron a ampliarse con fondos da Xunta de Galicia e diversos concellos destinados á sensibilización e a programas de cooperación dos que se dará cumprida conta máis adiante.

De todo o diñeiro recadado IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) utiliza só un 5% para gastos administrativos.

3. MEMORIA DE ACTIVIDADES

3.1. SENSIBILIZACIÓN

Como ben queda especificado na definición estatutaria de obxectivos de IND, a sensibilización resulta un campo de vital importancia para o noso labor no que este ano se conseguiron importantes obxectivos. De seguido presentamos de forma Individual cada unha das actividades levadas a cabo.

Quincena da Paz

Como cada ano, IMPLICADAS/OS NO DESENVOLVEMENTO (IND) participou no Foro de ONG da Quincena da Paz na carpa situada na Praza de Vigo, en Santiago de Compostela o día 1 de febreiro, entre as 10.00 e as 17.00.

Na mesa o público puido comprar diferentes produtos como camisetas, cadernos e postais e tamén recibiu información sobre a nosa ONG e as nosas actividades. O máis salientable e que máis acollida tivo entre as persoas que se achegaron á carpa, sobre todo entre as nenas e os nenos, foron as tatuaxes de henna. O concello de Santiago ofreceuse a pagar as 15 primeiras, pero ata o de agora non se recibiron os cartos prometidos.

Baixo unha mesma carpa, IND uniuse en nome da paz ós demais expositores solidarios que ese día compuxeron a feira de ONG.

Recital poético en Santiago de Compostela

O recital poético organizado por IND tivo lugar o día 6 de febreiro de 2003 a partir das dez da noite na Casa das Crechas, en Santiago de Compostela.

A actividade consistiu en recitar unha serie de poemas Indios que previamente foran traducidos do inglés ó galego. Os poemas foron seleccionados entre unha ampla variedade e traducidos por alumnas e alumnos da Facultade de Traducción e Interpretación da Universidade de Vigo que voluntariamente se prestaron a colaborar nesta actividade. Os poemas traducidos foron os seguintes:

- Manohar*, de Arun Kolatkar (traducido por Joseph Ghanime)
- A cociña*, de Vimala (traducido por Joseph Ghanime)
- Eleventh among ten*, de Patanshetti (traducido por Gloria Piñeiro)
- Song of this earth*, de Usha (traducido por Gloria Piñeiro)
- The freaks*, de Kamala Das (traducido por Ana Rozados)

- The blue horse*, de Arun Kolatkar (traducido por Ana Rozados)
- A missing person*, de Jayanta Mahapatra (traducido por Ana Rozados)
- The first Jasmines*, de Rabindranath Tagore (traducido por Ricardo Martínez)
- My song*, de Rabindranath Tagore (traducido por Ricardo Martínez)
- One day we too*, de Shankha Ghosh (traducido por Ricardo Martínez)

No recital participaron escritoras e escritores galegos de recoñecida sona coma Marilar Aleixandre, Fran Alonso, Ánxela Gracián, Arantxa González, Daniel Landesa, María Reimóndez e Laura Sáez; así como as e os propios tradutores dos poemas: Ricardo Martínez e Ana Rozados.

Ademais de recitar estes poemas, a maioría das/os participantes aproveitou a ocasión para recitar poemas propios ou poemas doutras/os escritoras/es co fin de lembra-la catástrofe ocasionada polo petroleiro “Prestige” e tamén para pronunciarse en contra da guerra de Iraq.

O recital contou cunha ampla aceptación por parte do público, que encheu por completo o local onde se celebrou a actividade e que se entusiasmou con cada un dos poemas recitados.

Universitúa 2003

IND participou na feira de asociacións da Universidade de Vigo os días 22 e 23 de outubro.

O primeiro día 22 Liliana Valado e Ana Luna participaron na mostra con un stand na carpa que a organización da feira puxo á nosa disposición, distribuíuse información e recolléronse diferentes impresións doutras asociacións que participaron na mesma: Solidarios para el desarrollo, Enxeñeiros sen Fronteiras, Asociación Galega de Profesionais da Tradución e da Interpretación (AGPTI), Actúa, Tradutores sen Fronteiras e Fundación de axuda á Infancia (FUNDAI), entre outras.

Nese día leváronse a cabo todo tipo de actividades que xiraban arredor do tema “Voluntarios por un día”.

O segundo día da feira universitaria do voluntariado, Universitúa, IND continuou coa súa mesa informativa e realizou ademais un obradoiro de henna e de colocación de saris. O público que asistiu ó obradoiro foi moi numeroso, posiblemente ó redor de 50 persoas entre as dúas actividades, moitas das cales mostraron interese sobre os proxectos da organización e levaron folletos informativos –que o departamento de Extensión Universitaria da UVI imprimira para a ocasión–.

Durante o resto do día varias persoas se achegaron polo estand para pedir información ou coa intención de mercar material promocional (bolsos, camisetas, etc.), cousa que non estaba permitida na feira, polo que deixaron datos de contacto para outra ocasión.

A medida que avanzaba o día a afluencia de público, que pola mañá fora moi boa, diminuíu e, ás 7 da tarde se retirou a mesa.

Ás 18 horas asistiu unha voluntaria de IND a charla que deu no aulario o presidente da Coordinadora Galega de ONG Emilio Martínez Rivas, titulada “Experiencia do Perú”, na que se expuxo un vídeo e na que se falou brevemente da situación do país. Logo houbo un coloquio no que participaron o relator e mailos asistentes a reunión.

Como grupo de traballo previo á organización da feira, participamos en varias reunións por áreas temáticas. No noso caso, o grupo de cooperación, solidariedade e voluntariado. Como resultado destas xuntanzas, ademais de coñecer o tecido asociativo universitario que participa en proxectos de desenvolvemento, formamos parte dunha lista de discusión en rede aberta pola Universidade de Vigo (www.solidarios.org)

Exposición “Penso, logo actúo”

A exposición “Penso, logo actúo” foi a actividade de sensibilización máis importante levada a cabo por IND no ano 2003.

“Penso, logo actúo” ideouse coa intención de sensibilizar á poboación en xeral e en particular á sociedade galega sobre a pobreza, causas e solucións. Con ela, pretendemos aproximar algunhas das múltiples facetas desta realidade complexa ás persoas que aparentemente estamos do outro lado. Desde a fame, o xénero ou o medio pasando pola educación, os recursos enerxéticos.

A exposición presentouse na Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo, situada no campus universitario de Vigo, nas Lagoas-Marcosende, do 7 ó 18 de novembro. Esta presentación acompañouse cunha mesa redonda na que participaron Manolo Barreiro, experto en ONGD, Emilio Martínez Rivas presidente da Coordinadora Galega de ONGD e María Reimóndez presidenta de IND, e que se realizou no paraninfo do rectorado da Universidade de Vigo o día 6 de novembro.

A exposición consta de 10 paneis que se instalaron na entrada da Biblioteca Universitaria de Vigo. Cada un deles vai encabezado por unha afirmación sobre a pobreza comunmente aceptada por certos sectores da sociedade para logo contradicila ó longo do panel. Cada panel ofrece unha opción de colaborar con algunha organización ou iniciativa, co gallo de actuar sobre a raíz do problema.

A estrutura xenérica de cada panel consiste na presentación de datos que traballan o tema en concreto, e logo na presentación de prácticas do primeiro mundo que afectan ós países en vías de desenvolvemento para logo presentar finalmente alternativas. Os temas dos paneis son: Penso, logo actúo (panel de presentación), a fame e carencia de alimentos, desenvolvemento e auga, desenvolvemento e saúde, desenvolvemento e o 0,7, desenvolvemento e xénero, comercio Xusto,

desenvolvemento e educación, desenvolvemento e diversidade cultural, desenvolvemento e enerxía.

Sen dúbida a exposición tivo éxito no seu obxectivo de dar información á xente sobre a realidade da pobreza nas sociedades actuais, o que o demostra a cantidade de xente que pasou a visitala. Isto reafirma a IND na súa idea de illa rotando por outros espazos.

Queremos agradecer-lo seu apoio de maneira expresa: á Coordinadora Galega de ONGD, que moi amablemente elaborou o panel do 0,7. A Intemón Oxfam pola súa colaboración e doazón de material para o panel do comercio xusto. O persoal funcionario e laboral da Biblioteca Universitaria da Universidade de Vigo, e en particular ó director e subdirectora da mesma, e finalmente á Xunta de Galicia polo financiamento que proporcionou para poder desenvolver tódolos actos.

3.2. RECADACIÓN

Ó longo do presente ano tamén intentamos realizar un maior número de actividades no campo da recadación para poder contar con máis fondos propios que nos axuden a levar a cabo máis e máis complexos proxectos de cooperación na nosa zona de traballo. Os cartos recadados en todas estas actividades foron dedicados a financia-lo proxecto SIDHUR Anantapura.

Venda de materiais

Este ano, como en ocasións anteriores, IND realizou venda de materiais nas feiras e mesas que puxo en diversos eventos como a Quincena da Paz en Santiago de Compostela e outros. Todo o diñeiro recadado foi destinado ao proxecto SIDHUR Anantapura.

Concerto en A gaita grileira

Os xerentes do local de música galega “A gaita Grileira” ofrecéronse a organizar un concerto de música tradicional galega. O prezo da entrada foi de 3 € e tras a actuación musical se sortearon camisetas de IND asinadas por famosos artistas galegos, coma Rodrigo Romani e os integrantes de Berrogüetto.

3.3. COOPERACIÓN

India

Durante este ano IND finalizou o proxecto SIDHUR Anantapura con resultados positivos. O informe final pode atoparse como anexo desta memoria. Igualmente IND comezou no mes de setembro un novo proxecto en 13 suburbios de Tiruchy. Este proxecto, de carácter urbano, recibiu financiamento da Xunta de Galicia na súa convocatoria de proxectos de 2003.

O programa inclúe accións no campo da educación, a saúde, a sensibilización en temas de xénero e actividades económicas de crédito. Este proxecto dará apoio a un total de 14.569 persoas e conta cun presuposto de 11.297,90 € dos cales a Xunta de Galicia financiará 7.729,25.

Á parte disto, IND continúa apoiando o desenvolvemento de IND-INDIA, que conta cun empregado, Vinay Kumar, que facilita o seguimento dos proxectos financiados por IND con outras contrapartes locais. Por desgracia Vinay Kumar sufriu un accidente a finais de 2003 que ralentizará o desenvolvemento da organización. Desde IND desexamos a súa pronta recuperación.

Etiopía

En 2003 María Reimóndez viaxou a Etiopía co fin de identificar unha nova zona de traballo e novas organizacións locais coas que IND puidese relacionarse a distintos niveis. Así, durante o mes de xullo de 2003 a nosa representante achegouse ao traballo de dúas organizacións, OPRIFS e WSO.

A primeira destas dúas organizacións traballa con nenas da rúa en Addis Ababa e conta cun programa de desenvolvemento dos suburbios para evitar a explotación das nenas nas rúas. A representante de IND tivo a oportunidade de comprobar a idoneidade do traballo desta organización e debater coa súa directora, a Sra. Wubayehu, as posibilidades de colaboración. Entre elas destacan a recollida dunha proposta de proxecto e o ofrecemento de IND de enviar bolsas de plástico que as rapazas utilizan para manualidades, así como de diseminar o traballo da organización.

Coa segunda organización WSO, IND estableceu unha relación aínda máis estreita. Ademais de ter a oportunidade de revisar toda a documentación e estudos de avaliación de necesidades da zona de traballo, avaliacións internas e propostas de proxectos, a nosa representante tivo a oportunidade de visitar durante dez días a zona do proxecto, na Etiopía rural. Esta organización traballa en distintos ámbitos ao norte de Addis Ababa. Na primeira rexión visitada, en North Wollo, a nosa representante tivo a oportunidade de visitar varios proxectos de desenvolvemento de fontes e a primeira iniciativa da WSO de formar grupos de autoaxuda. Ademais, WSO leva a cabo tamén nesta zona un programa de erradicación da mutilación xenital feminina e a nosa

representante puido reunirse coas educadoras de base e coñecer as súas dificultades e logros. Quedou constatada a aridez da zona de traballo da WSO e as enormes dificultades da poboación da rexión, unha das máis azoutadas pola fame en épocas de seca. Ademais, diversas zonas de traballo de WSO son accesibles só en mula ou a pé xa que están no interior da montaña. Na segunda zona de traballo, Shewa Rowit, a nosa representante puido coñecer o programa que WSO leva a cabo con persoas maiores, moitas delas en situación de abandono total pola pandemia da SIDA, que lles arrebatou ás súas fillas e fillos. Ademais, a nosa representante participou nunha sesión de prevención do VIH/SIDA organizada pola asociación de mocidade da localidade. Tivo a oportunidade tamén de charlar coas mozas e mozos e de visitar antigas zonas de traballo de WSO.

Con esta organización IND novamente estableceu interesantes vínculos. Por unha banda, a nosa representante axudou á WSO na redacción dunha proposta de proxecto que xa foi presentada á convocatoria da Caixa Galicia e que consiste no reforzo dos grupos de autoaxuda existentes. Ademais disto, IND está xestionando tamén a compra de mulas para WSO de maneira que o persoal poida acceder ás zonas de montaña e a máis longo prazo pretende poñer en marcha un programa de vinculación entre as asociacións de mozas e mozos etíopes e galegas no que se chamarán clubs de cooperación.

4. VOLUNTARIADO

No presente ano IND continuou coa súa estratexia de implicación do voluntariado, aínda que este segue sendo un dos principais problemas da nosa organización, tamén pola falta dun local e de recursos máis amplos. Sen embargo, a formación do voluntariado existente foi bastante extensa neste ano. A continuación presentamos información sobre as iniciativas neste campo.

Curso de voluntariado

No presente ano IND continuou coa súa estratexia de implicación do voluntariado, da cal o máis salientable foi a celebración do III Curso de Voluntariado de IND, que se levou a cabo en Vigo os días 25, 26 e 27 de marzo, e ó que asistiron 5 persoas. O curso, que se celebrou na Casa da Xuventude, constou de 3 xornadas e 4 módulos de formación de 3 horas cada un e a súa finalidade principal foi formar e implicar á mocidade viguesa no voluntariado e ampliar a base de voluntarias/os de IND.

Na formación impartida tratáronse aspectos do mundo das ONG en xeral, da cooperación internacional, e de IND e o seu traballo en particular. Tamén se achegou ás/ós participantes á realidade cotiá da India e das/os beneficiarias/os dos proxectos de desenvolvemento da organización. Todo isto, fíxose principalmente mediante dinámicas de grupo, debates, xogos de rol e, en xeral, actividades que requirisen unha implicación directa e permitisen unha interacción entre as voluntarias que o impartiron e mais as persoas que participaron nel e, o mesmo tempo resultasen máis divertidos ca unha serie de charlas, xa que cremos que deste modo se asimilan mellor os conceptos.

A continuación incluímo-lo programa do curso:

1. OBXECTIVOS DO CURSO

Os obxectivos do I Curso de voluntariado IND son os seguintes:

- Proporcionar ás/ós participantes o transfundo xeral teórico básico sobre a cooperación internacional.
- Presentar ás/ós participantes IND como organización, o seu traballo e as súas características.
- Capacitar ás/ós participantes dunha maneira práctica e xeral nos diferentes tipos de labores de voluntariado que caben en IND, dende a sensibilización ás actividades de recadación pasando polos aspectos administrativos.
- Facilita-la integración das/os participantes nas actividades da organización.

2. DESCRICIÓN DO CURSO

O curso de voluntariado constará de catro módulos, impartidos cada un nunha sesión de tres horas. Cada un dos módulos terá o seguinte contido:

- Módulo 1 - A cooperación internacional: análise dos conceptos básicos en cooperación internacional, análise da situación en Galicia e reflexión práctica sobre as achegas a este tema e o papel do voluntariado e das ONG.
- Módulo 2 – IND, unha ONG de cooperación ó desenvolvemento: presentación da organización e dos proxectos que leva a cabo na India.
- Módulo 3 – IND en Galicia: sensibilización e recadación: presentación das actividades e transmisión das capacidades para levar a cabo novas iniciativas como voluntariado da organización.
- Módulo 4 – Proxecto de actividade: as/os participantes, por parellas deberán elaborar unha planificación dunha actividade.

O curso complétase coa realización da actividade planificada por cada parella. Estas actividades serán sempre levadas a cabo co apoio das monitoras da organización. Tódolos módulos terán unha clara orientación práctica na que se utilizarán e impartirán dinámicas.

Consolidación do grupo de Santiago

Sen dúbida esta foi unha das accións nas que IND tivo máis problemas. A pesar de consolidar a nosa presenza na cidade a través do rexistro municipal, o grupo de Santiago amosou unha redución considerable de maneira que a final de ano só quedaba unha persoa que se responsabilizou dos Clubes de Cooperación pero que obviamente non estaba en posición de asumir máis responsabilidades en solitario. IND xa identificou a novas voluntarias que formará no ano próximo.

Presencia de IND en cursos e seminarios

Seminario: “Evolución e situación actual da cooperación oficial ao desenvolvemento”

A ONGD Implicadas no Desenvolvemento (IND), representada por Ana Luna (secretaria), Mercedes Palanca (tesoureira) e Liliana Valado (colaboradora), participou no Seminario sobre Cooperación organizado pola Coordinadora Galega de ONGD e mais Intermón Oxfam.

O seminario tivo lugar o sábado 18 de outubro en Santiago de Compostela nunha sala do Campus Sur habilitada e cedida á Coordinadora Galega de ONGD para o acto.

A tal efecto, a Coordinadora brindou ás/ós asistentes/es a posibilidade de participar nunha media xornada, que durou de 10.00 a 14.00, na que distintos expertos en materia de cooperación expuxeron o balance da situación na que se atopan as políticas de cooperación tanto a nivel internacional como estatal ou galego. Non obstante, a visión dada polos catro relatores variou dada a ocupación e experiencia persoal de cada un deles. Isto é, o criterio de avaliación mudou dependendo da área ou marco na que o orador se insire.

Por unha parte, Gómez Gil —experto e docente da Universidade Jaume I de Castellón— ofreceu unha visión xeral e completa do estado da cuestión, realizando unha análise comparativa entre as distintas potencias mundiais, na que tamén plasmou a situación galega. Desta intervención tíranse conclusións interesantes como que canto máis forte é a economía dun estado, menor é o tanto por cento que destina a cooperación; ou tamén que os Estados Unidos teñen unha das porcentaxes máis elevadas en materia de cooperación cun 0'19% —tendo en conta que é a potencia máis forte, este índice non é proporcional—; mentres que os países escandinavos si aportan o establecido 0'7%. Por outra parte, o representante de cooperación da Universidade de A Coruña analizou qué lugar ocupa a cooperación no ámbito universitario facendo un balance dos índices da mesma entre o alumnado, así como a achega económica das institucións universitarias galegas e mailos programas de cooperación internacional iniciados polas mesmas.

En terceiro lugar, Martínez Rivas —Presidente da Coordinadora Galega de ONGD— centrou a súa exposición no papel que realizan as ONGD galegas en materia de cooperación e a súa efectividade como vehículos de sensibilización e de crítica no tocante á responsabilidade que o Goberno galego debería asumir. Xa para concluír, Ríos —do IGADI— aportou seis puntos sobre os que o Instituto subliña como medidas para favorecer e aumenta-la efectividade das políticas de cooperación.

O seminario foi satisfactorio tanto para IND coma para o resto das/os asistentes/es, como demostrou a alta participación das/os mesmas/os na quenda de preguntas.

Sesións informativas da oficina de I+D da concellería de participación cidadá

Como consecuencia da entrada en vigor da Lei orgánica 1/2002 reguladora do dereito de asociación, que establece un novo réxime xurídico das asociacións sen fin de lucro, a Consellería de Participación Cidadá puxo á disposición das asociacións un servizo de información para asesora-las asociacións.

A nova lei obriga ás asociacións inscritas con anterioridade á súa entrada en Vigo, a modifica-los estatutos para adaptalos a ela. Neste caso atópase a IND. Os asesores ademais da información necesaria para face-la adaptación, facilitáronnos modelos de apoio.

O outro gran cambio que introduce a nova Lei é o que se refire ó réxime fiscal das asociacións e que basicamente se resume en que o espírito da reforma vai na dirección de que as asociacións pequenas non teñan que face-la declaración de impostos.

Seminario de introducción ás ONGD

Neste seminario IND participou como relatora a través da súa presidenta María Reimóndez, que impartiu un dos módulos de experiencia práctica. O seminario foi organizado pola Coordinadora Galega de ONGD e a asistencia superou as 15 persoas, o cal se pode considerar un número moi satisfactorio. O módulo impartido por IND tivo un carácter eminentemente práctico sobre a planificación de proxectos e o traballo en Galicia. A materia suscitou abondo interese que se plasmou nunha lista de contactos de persoas interesadas na organización.

5. XESTIÓN

Durante o presente ano a estrutura organizativa de IND viuse debilitada pola falta de persoal. Sen embargo, aínda así IND foi capaz de continuar o seu traballo e incluso ampliar o campo de cooperación.

Cómpre destacar a interacción de IND coa Coordinadora Galega de ONGD, onde IND ten un papel especialmente activo e ademais o inicio da Plataforma de ONGD Galegas, unha idea que comeza a forxarse entre as organizacións que fan cooperación de maneira independente desde Galicia.

A Xunta Directiva seguírase encargando da dirección xeral da asociación a través da supervisión do traballo das comisións e dos seus labores estatutarios.

Finalmente, cómpre sinalar que un ano máis tódolos gastos administrativos de IND foron financiados a través do 5% da súa recadación total.

6. FINANCIAMENTO

IMPLICADAS NO DESENVOLVEMENTO conta dúas fontes de financiamento para desenvolver a súa actividade:

PROPIAS

- cotas de socias/os
- desenvolvemento de actividades
- ventas de material

ALLEAS

- públicas: subvencións oficiais
- privadas: doazóns de particulares

Durante o presente ano, o recadado dende estas dúas fontes preséntase no balance que se achega ó final deste documento

7. CONCLUSIÓNS

Un ano máis o esforzo de moitas persoas conseguiu que seguise avanzando. Mesmo con importantes dificultades como a ausencia dun local ou a redución na nosa base de voluntariado permanente, cremos que podemos facer un ano máis balance positivo. Á parte das importantes actividades levadas a cabo en Galicia, os nosos novos contactos en Etiopía aseguran que poidamos seguir desenvolvendo actividades nun clima de igualdade e respecto aos pobos do sur, con especial énfase na mellora das condicións de vida das mulleres.

Os esforzos levados a cabo este ano foron significativos, xa que a redución de persoas implica tamén que as voluntarias tiveron que dedicar moito tempo para levar a cabo as actividades realizadas. Por iso, o noso especial recoñecemento a esa especial dedicación.

Un ano máis tamén cómpre non esquecer-lo obxectivo de todos estes esforzos, o que nos dá azos para querer presentar unha nova memoria o ano que vén: as comunidades coas que traballamos. Elas son as que realmente realizaron os esforzos máis meritorios durante este ano, enfrontándose con especial valentía ós cambios custosos que implica o desenvolvemento. A elas o noso máis sincero agradecemento e ánimo.

Un ano máis, finalmente, despedímo-la memoria co afán de crecer e de facer fronte ós novos desafíos que nacen cun novo período no que esperamos seguir contando con vós para acadar un mundo mellor para todas/os.

BALANCE ECONÓMICO

ORZAMENTO 2003 (en euros)

GASTOS		
60000002	Proxecto Anantapura	12.062,86
60000003	Proxecto Tiruchy	4.096,66
62600000	Servicios bancarios	266,31
62600001	Gastos devolución recibos	54,17
62900001	Gastos de Admón.	65
62900002	Gastos de actividades	2.289,22
60000000	Cuotas coordinadora	120,00
TOTAL GASTOS		18.954,22

INGRESOS		
70000002	Cotas de socios	4.611,59
70000003	Financiamento de entes públicos	7.625,15
77800001	Ingresos extraordinarios	185,00
70000005	Ingresos entes privados	515
57200001	Banco	9771,07
TOTAL INGRESOS		22.707,81

ORZAMENTO

1.-OBTENCIÓN DE RECURSO

FONTES ALLEAS:

XUNTA DE GALICIA	7.084,24 €
CONCELLO DE LUGO	540,91 €
DOAZÓNS DE PARTICULARES	515,00 €

FONTES PROPIAS:

CUOTAS DE SOCIOS	4.611,59 €
VENDAS DE MATERIAL	185,00 €
SALDO BANCARIO DO 2002	9.771,07 €

TOTAL	22.707,81 €
--------------	--------------------

2.-APLICACIÓN DOS RECURSOS

-Proxecto Anantapura (12.062,86 €)	-fontes de financiamento propias	3.824 €
	-fontes de financiamento alleas	8.238,86 €
	(2.347,00 do 2003 e 5.891,86 € do 2002)	
-Proxecto Tiruchy (4.096,66 €)	-fontes de financiamento propias	1.391,42 €
	-fontes de financiamento alleas	2.705,24 €
-Servicios bancarios		266,31 €
-Gastos devolución recibos		54,17 €
-Gastos de Admón.		65,00 €
-Gastos de actividades		2.289,22 €
-Cuotas coordinadora		120,00 €

TOTAL	18.954,22 €
--------------	--------------------